FUNDACIÓN LUIS SEOANE

Exposición

GABINETE VOULA PAPAIOANNOU

DATAS Do 6 de marzo ao 7 de xuño de 2020

LUGAR Fundación Luis Seoane, A Coruña

PRODUCIÓN Fundación Luis Seoane, [La Virreina] Centre de la Imatge, Museo Benaki

COMISARIO Jorge Blasco Gallardo

INAUGURACIÓN Venres 6 de marzo, 19:30 horas

FUNDACIÓN LUIS SEOANE · BENAKI MUSEUM · Ajuntament de Barcelona [LA VIRREINA] CENTRE DE LA IMATGE

Tras o seu paso por La Virreina Centre de la Imatge de Barcelona, a exposición Gabinete Voula Papaioannou fai escala na Fundación Luis Seoane da Coruña, un proxecto coproducido por ambas institucións en colaboración co Museo Benaki de Atenas, que trae por vez primeira ao noso país a obra da fotógrafa grega Voula Papaioannou (Lamía, 1898-Atenas, 1990).

A exposición reúne máis de 300 fotografías en branco e negro realizadas entre as décadas dos vinte e os sesenta do pasado século, agrupadas á súa vez en vinte seccións. O proxecto nace a partir do estudo levado a cabo polo comisario da mostra do arquivo da obra da fotógrafa, custodiado polo arquivo fotográfico do Museo Benaki. Nel, atopa as follas de contacto elaboradas por Voula Papaioannou e as súas correspondentes copias, realizadas polas traballadoras do museo. Non se trata de copias exactas, xa que inclúen máis imaxes que as que figuran nos documentos orixinais, o que posibilita establecer novas lecturas acerca do traballo da artista e ofrece a oportunidade de construír un relato diferente sobre a súa obra. Este relato, xunto cos criterios de traballo da autora, as súas liñas iconográficas e argumentais, e a persistencia de certas metodoloxías nalgúns dos seus ciclos temáticos trasládanse agora ao espazo expositivo da Fundación Luis Seoane.

Tradicionalmente, a obra de Voula Papaioannou clasifícase dentro da fotografía humanitaria, da que tamén formaron parte Cartier-Bresson ou Dorothea Lange, entre outros moitos, unha corrente que xira ao redor do ser humano e que reflicte momentos da vida das persoas coa fin de espertar un sentimento universal de identificación ou empatía no espectador, distinguíndose do fotoxornalismo polo uso de recursos estéticos propios doutras disciplinas artísticas, como por exemplo a pintura.

Porén, o traballo da fotógrafa grega transcende os límites deste movemento, constituíndose nun inxente proxecto documental dotado dunha estética propia que, ademais de rexistrar algúns dos momentos máis dramáticos da historia do século XX a través dos sucesivos conflictos que asolaron o seu país de orixe, de retratar a súa arte ou as súas paisaxes, é capaz de transmitir as sensacións e a atmósfera derivadas de situacións excepcionais a través da vida cotiá dos seus protagonistas dunha maneira extremadamente sutil.

Sobre a artista

Voula Papaioannou nace na cidade grega de Lamía en 1898, trasladándose posteriormente coa súa familia á capital, Atenas. Tras cursar estudos na Escola de Belas Artes, a mediados dos anos trinta decide dedicarse á fotografía. A nivel profesional, un dos seus primeiros traballos consistirá en fotografar pezas da colección do Museo Arqueolóxico de Atenas e do Museo da Acrópole para a súa posterior impresión en postais. En 1935, fotografía as paisaxes de Santorini e Mikonos, e a cidade de Atenas. Son traballos nos que se distingue o dominio que a artista posúe de conceptos como a composición, o encadre e a luz, pero que se insertan nun academicismo no que aínda non se perciben as características que definirán o seu estilo en anos posteriores e que contribuirán á súa consagración como fotógrafa.

Co estalido da guerra en 1940, a atención de Voula Papaioannou, como a de moitos dos seus colegas de profesión, vólvese cara o conflicto. Pero a diferencia destes, interésase polo que sucede alén da fronte, amosando ata que punto a vida dos habitantes da cidade e a fisonomía desta transfórmanse a consecuencia dos acontecementos. As fotografías que realiza están protagonizadas polo día a día dos feridos nos hospitais, os carteis de guerra, as trincheiras, a tensión dos homes que son recrutados e a angustia das súas familias... Tras a invasión alemá de 1941, a autora fotografará de maneira clandestina os efectos da fame negra que se desencadea a continuación co obxectivo de denunciar no estranxeiro a situación padecida pola poboación civil e, posteriormente, a distribución de axuda humanitaria. Todas estas imaxes serán recollidas no *Álbum negro*, publicado en 1943 en colaboración co gravador Yannis Kefalinós, como testemuño da traxedia sufrida polo seu país.

Despois de documentar as celebracións da poboación durante a Liberación, a artista realiza unha excepcional serie nas antigas prisións da Gestapo situadas na rúa Merlin, coa que lembra a presenza dos condenados a morte que pasaron polas súas celas, agora abandonadas, a través das mensaxes que estes gravaron nas súas paredes, dos obxectos e documentos que deixaron tras de sí. Esta serie, xunto coas imaxes que a autora realiza durante as exhumacións das fosas comúns tras a finalización da guerra civil de 1944, presentes na exposición, forman parte desas fotografías que aparecen nos 'dosieres azuis' elaborados polas arquiveiras do Museo Benaki, e contribúen a establecer excepcións á clasificación habitual da súa obra.

Xa na posguerra, Voula Papaioannou asumirá a dirección da sección fotográfica da UNRRA United Nations Relief and Rehabilitation Administration, o que a levará a viaxar por toda Grecia documentando as condicións de vida da poboación. As imaxes desta etapa recollen o sufrimento da xente, presente nos rostros dos nenos e adultos tras anos de conflicto, e o estado ruinoso das vilas.

Na década dos 50, a artista vólvese cara á paisaxe da súa terra, en particular ás illas do Exeo. Comeza un novo período para a fotógrafa, que se estenderá ata mediados dos 60, no que retratará a realidade das persoas comúns de maneira respectuosa e sutil a través dos seus acenos, da súa relación coa contorna, dando lugar nesta nova etapa a un conxunto de imaxes de carácter universal e atemporal.

No ano 1976, o Museo Benaki de Atenas recibirá o arquivo da súa obra, revalorizada grazas ao labor de catalogación, conservación e difusión levada a cabo por esta institución. Gabinete Voula Papaioannou forma parte dese labor de difusión, ofrecendo ao público a oportunidade de compartir a mirada dunha das representantes máis notables da fotografía humanitaria e, por extensión, dunha das fotógrafas máis destacadas da súa época.

Para máis información e solicitude de imaxes:
Emma Fernández Castro
Fundación Luis Seoane
emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal
Tel. 981 216 015